



Expediente número: PLN/2020/4

ACTA

**Sesión Extraordinaria 4/2020 celebrada polo
Pleno do Concello o día 29 de abril de 2020**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación do expediente de contratación para a subministración mediante arrendamento financeiro de tres vehículos para o servizo da Policía Local.**
- 2. Solicitud de autorización ao Pleno para o incremento da porcentaxe de gastos plurianuais na sinatura do convenio para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, no treito Redondela- Praia de Cesantes.**
- 3. Recoñecemento extraxudicial de créditos II/20.**
- 4. Dación de conta das resolucións adoitadas pola Alcaldía e derivadas da crise sanitaria pola propagación do CoViD-19.**

De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2020/0933 de data 22 de abril de 2020, onde se convoca sesión extraordinaria para o día 27 de abril de 2020 e coa Dilixencia que emite a secretaria municipal de data 27 de abril de 2020 de imposibilidade de celebración de sesión plenaria, celébrase sesión extraordinaria do Pleno para o día 29 de abril do 2020, e reúnense mediante participación a distancia a través da sede electrónica da entidade, sendo ás dez horas do 29 de abril de 2020, baixo a presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:





GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ





GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza como é habitual das vítimas da violencia de xénero e nesta sesión tamén en especial dos falecidos polo CoViD-19 e tendo en conta ademais que non puideron enterrarse como se debera acompañados das súas familias.

1. Aprobación do expediente de contratación para a subministración mediante arrendamento financeiro de tres vehículos para o servizo da Policía Local.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio de data 22/04/2020, que di:

“Mediante resolución da Alcaldía núm. 716/2020 de data 18.03.2020 iniciouse o expediente para a contratación da Subministración, mediante arrendamento financeiro con mantemento (renting) de tres vehículos para o servizo municipal da Policía Local, cun prazo para o arrendamento financeiro de sesenta (60) meses, prorrogable por períodos mensuais ata un máximo de 12 meses, cun valor estimado do contrato de 199.216,80 euros, sen IVE, calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga e a variación anual de quilómetros percorridos por cada vehículo, e cun orzamento máximo de licitación





anual de 33.120,00 euros, máis o IVE do 21% por importe de 6.955,20 euros, o que fai un total de 40.075,20 euros, que se corresponde cunha circulación de 30.000 Kms/ano, a razón de 920 euros/mes (sen IVE) para cada un dos vehículos, a licitar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por ser o procedemento ordinario no que calquera persoa física ou xurídica que reúna capacidade pode presentar a súa oferta e no que a adxudicación recaerá na mellor oferta en relación calidade-prezo.

Emitida pola Intervención municipal, con data 17.03.2020, certificación na que se acredita a existencia de crédito definitivo para a anualidade 2020 na aplicación 1321A/2040000 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela prorrogado para o ano 2020.

Redactados os pregos de cláusulas administrativas particulares e os de prescricións técnicas asinados con data 18.03.2020 e 11.03.2020, respectivamente.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral do Concello co núm. 39/2020 de data 06.03.2020 (CV 7TKF6AZA3LFWCCDM4HTRHRE5A).

Lido o informe emitido polo interventor municipal con referencia ASR -16.04.20.1 de data 16.04.2020, que consta de oito páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e catro consideracións e conclusións (CV 74NXRCMH6CJ7DNG6KRRCR25KCP).

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Acordar a non aplicación da suspensión de prazos administrativos prevista no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, autorizando a adopción de medidas de iniciación, ordenación, instrución e terminación, do presente expediente administrativo, de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional terceira do citado Real Decreto.

De conformidade coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se acordou o establecemento do estado de alarma por mor da evolución do COVID-19, quedaron suspendidos os termos e prazos administrativos así como todos os procedementos.

Non obstante, nos seus apartados terceiro e cuarto prevé as seguintes excepcións:





“3. No obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.

4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.”

No presente caso se trata da adquisición na modalidade de renting de vehículos para a Policía Local, estando plenamente xustificada a a aplicación da excepcionalidade prevista no apartado cuarto da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e así o inicio, ordenación, instrución e resolución do correspondente expediente administrativo, xa que se trata dun servizo básico e que afecta ao funcionamento normal da institución municipal, se considera imprescindible para a protección do interese xeral, dotar dos medios necesarios á Policía Local para o cumprimento do principio da legalidade e o mantemento da orde pública, con maior importancia no momento presente debido á extrema gravidade da situación de propagación do COVID-19, onde os servizos da Policía Local, debeñen todavía mais imprescindibles.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares de data 18.03.2020 (CV PRH5M2WDGMCP556MC9EG94QSJ) e os de prescricións técnicas particulares de data 11.03.2020 (CV3CMA2D7RYR6Y62DQWWJH9QGK).

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto correspondente ao ano 2020 con cargo ao crédito existente na aplicación 1321A/2040000 do estado de gastos do orzamento deste Concello prorrogado para o ano 2020, comprometéndose a consignar crédito adecuado e suficiente para cada exercicio na partida correspondente dos orzamentos aos que se estenda o período contractual.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), para a contratación da Subministración, mediante arrendamento financeiro con mantemento (renting) de tres vehículos para o servizo municipal da Policía Local, cun prazo





para o arrendamento financeiro de sesenta (60) meses, prorrogable por periodos mensuais ata un máximo de 12 meses, fixando o valor estimado do contrato en 199.216,80 euros, sen IVE, calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga e a variación anual de quilómetros percorridos por cada vehículo, e o orzamento máximo de licitación anual de 33.120,00 euros, máis o IVE do 21% por importe de 6.955,20 euros, o que fai un total de 40.075,20 euros, que se corresponde cunha circulación de 30.000 Kms/ano, a razón de 920 euros/mes (sen IVE) para cada un dos vehículos

Quinto.- Segundo se dispón no artigo 135 da LCSP, insertar anuncio e pregos no Diario da Unión Europea (DOUE) e no perfil do contratante do Concello de Redondela, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo para presentar proposicións un prazo de trinta e cinco (35) días naturais contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.”

INTERVENCIONES:

Da palabra a Leonardo.

O sr. Leonardo Cabaleiro expón que o asunto a tratar xa pasou pola comisión informativa. Se trata do expediente 4081/2018, que xa viña da anterior Corporación pero o cambio das características técnicas dos vehículos, dos seguros etc da lugar a que haxa que iniciar un novo expediente.

Este expediente está afectado pola suspensión dos procedementos administrativos polo COVID-19. Están definidas todas as características dos vehículos no prego de prescricións técnicas. É un proceso harmonizado e se reitera na proposta da Concellería. O prazo de duración do contrato será de 60 meses.

O sr. González di que se suman ao manifestado pola Alcaldesa sobre as vítimas do coronavirus e as súas familias e manifestar o apoio a todas as persoas afectadas.

Que a Policía Local esixe ter os vehículos en boas condicións, están de acordo coas necesidades e canto antes teñan os vehículos moito mellor.

A sra. Couñago por parte de AER, quere dar un recordo especial as persoas que faleceron polo CoViD entre eles veciños de Redondela e as súas familias que non puideron despedilos como se merecen, desexar a pronta recuperación dos que están pacecendo o COVID-19 facer unha homenaxe ao persoal do ámbito sanitario, que sufriron os recortes da administración estatal e poñer en valor a





todas as persoas que están traballando e que son servizos esenciais, cando antes eran sectores que pasaban moi desapercibidos.

Di que os vehículos se quedaron obsoletos e actualmente están dando moitos problemas porque se avarían con frecuencia. A Policía Local é un servizo esencial e debe contar cos medios adecuados. Se inclúe agora equipamento informático e GPS, o que facilita a súa labor e axilizará os procedementos. O único que ten que reseñar e que se estableza o gasóleo ou gasolina e non se teñan en conta outros sistemas como o eléctrico, se ben se teñen en conta as emisións de CO2, nos criterios de adxudicación e hai que ter en conta que é prioritario que os vehículos poidan cumprir adecuadamente co servizo.

A sra. Amoedo expresa publicamente as súas condolencias que son 23.822 vítimas, non son nin dúas nin tres. Tendo en conta que estas persoas non poden ser despedidas polos seus seres queridos polo que aínda é máis doloroso. Non queremos deixar pasar esta ocasión para dar o máis sentido pésame do grupo popular. Son xente que foi ao hospital a curarse e saíu sen posibilidade de vida, existindo un sentimento de impotencia das familias. Non esquecer o persoal sanitario e o que presta os servizos das actividades esenciais que tiveron que estar aí no pico da pandemia, recollida de lixo, limpeza, exército, forzas e corpos de seguridade...

Facer constar que non entendemos por que é un pleno extraordinario. Que debemos estar para traer solucións despois de 47 días, non podemos esquecernos dos mortos pero tampouco non podemos esquecer as persoas que non están tendo ingresos, xa vamos tarde, deberamos de ter tomado medidas.

Non ve xustificada a urxencia do expediente, non hai ningún informe que xustifique a urxencia.

No 2018 como os vehículos estaban en bo estado e viñan dun renting do ano 2012-2013 e mantívose por un custe de 1.200 euros, supoñendo un aforro importante para Redondela. Se vai a unha resolución para tramitar o expediente administrativo pero non se di cal é a urxencia. Non hai ningún informe que diga como están os vehículos. Considera que deberá ser éste un pleno ordinario e estar falando das necesidades das familias e das pequenas empresas que requiren tomar medidas.

Pide a Alcaldesa que se centren nos puntos do pleno e recorda que o tempo corre igual aínda que se fale de outros temas.

O sr. Cabaleiro, di que os servizos técnicos non recomendaron os vehículos eco porque non están desenvolvidos para a prestación deste servizo e si os hai son dun prezo moi alto. Respecto á intervención da sra. Amoedo, di que a oposición estivo puntualmente informada do que se foi facendo nesta pandemia; este





gobierno fixo todo o que estaba na súa man para axudar a estas persoas. Que no seu momento, ninguén criticou a postura da compra polo valor venal destes vehículos, foi unha acción do goberno. Ten vostede acceso a facturación para ver os gastos en talleres e coñecer a necesidade de renovar estes vehículos. Que non teña vostede coñecemento desta situación, e mais nesta situación, co traballo que están facendo os membros da policía local e que anden cun vehículo que os poida deixar no camiño. Se se aproba este expediente haberá que buscar a fórmula para enaxenar estes vehículos.

O sr. González di que lles preocupa que se evidencia que dentro dun goberno bipartito hai opcións distantes, non hai diálogo suficiente entre os membros do equipo de goberno, porque teñen visións distintas. A voceira da Agrupación de Electores non manifestou nada disto na comisión informativa. Lles preocupa que non haxa posta en común dos temas.

Di que a voceira do PP que o PP está inhabilitado para participar na mesa de reconstrución de Redondela, porque si pide que se traian as cuestións económicas relacionadas co COVID ao Pleno, está desacreditando a esa comisión, pídelle a Alcaldesa que non os convoque porque se ve que non lle interesa.

A Alcaldesa di que se ve e se demostra que hai moi boa relación neste equipo de goberno e fala todos os días, se ben é normal que cada grupo teña o seu punto de vista.

A sra. Couñago, di que xa manifestou que estaba de acordo coa renovación dos vehículos pero que se faga unha puntualización non quere dicir que non esteamos de acordo. É normal e positivo que teñamos opinións distintas e xa dixemos cando entramos no goberno que non estaríamos sempre de acordo pero chegaríamos a entendemento cando favoreza aos veciños de Redondela.

En canto á Sra. Amoedo di que, non entende que diga que non ve urxente que a Policía Local ante cuns vehículos obsoletos. En canto ás manifestacións en relación ca pandemia, aínda que sexa o tema do CoViD está facendo populismo, non é o momento para entrar nese debate, procede que todos arrimemos o hombro, e aproveitando calquera situación para rabuñar un voto e non é o momento para este debate. Lee unha nota de Vicente del Bosque: lle parecía moi ben a solidariedade entre as persoas “pero dotar a los países de los elementos esenciales en situaciones de emergencia es una responsabilidad de la administración”, leo en castelán para destacar as palabras de Vicente del Bosque. Non vamos tarde, aínda estamos en plena crise, non se levantou o estado de alarma.

A sra. Amoedo, di que o Sr. Cabaleiro non explicou por qué en 10 meses de goberno bipartito non se fixo este expediente e por qué agora de repente é tan





urxente e que vostedes estean priorizando cambio de vehículos sobre a urxencia sanitaria que estamos padecendo.

O 18 de marzo presentamos un escrito tendendo a man como xa fixeramos en xuntas de voceiros anteriores, poñéndonos a disposición do equipo de goberno e nin contestaron, o 7 de abril presentaron mocións con propostas concretas de axudas directas ao pequeno comercio, ás persoas afectadas por ERTE ou que se quedaron en paro e vostedes non contestaron. De esta comisión de reestruturación pregunten a asociación de empresarios que conclusións sacaron desa mesa, non trouxeron ningunha proposta á mesa. Dixeron fai quince días, a Alcaldesa e a Concelleira de Facenda que ían a presentar unhas bases para as axudas de acción social e aínda estamos esperando por elas. Traen hoxe este expediente e o que tiñan que traer eran medidas nun pleno ordinario.

Pide a Alcaldesa que se axusten ao tempo e á Sra. Amoedo lle di que non vai a entrar nese debate, os veciños o que necesitan que se traballe e a unión e este equipo de goberno é o que imos facer ata a saciedade, e non vamos a entrar noutro debate que non sexa traballar para os veciños e veciñas de Redondela.

O sr. Cabaleiro di á sra. Amoedo que aínda non topou o seu sitio, esta sacando de contexto este asunto, e este goberno lle tende a man a todos os grupos da oposición. Non pode dicir que non estean plenamente informados das medidas que se están adoitando por este goberno.

Sobre xustificar a urxencia, cando chegamos foi ver como estaba esto, ao chegar con información cero, este goberno traballando para ver cales eran as necesidades e era prioritario tratar esta necesidade dos vehículos da Policía Local. Non tiveron vostedes a capacidade de afrontar esta necesidade.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 abstencións do PP.

Todos os partidos e os grupos votan por representación do seu portavoz.





2. Solicitude de autorización ao Pleno para o incremento da porcentaxe de gastos plurianuais na sinatura do convenio para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, no treito Redondela- Praia de Cesantes.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 22/04/2020, que di:

“Visto que a Axencia Galega de Infraestruturas ten intención de asinar un convenio con este Concello pola que procederá a realizar obras para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363. Treito: Redondela - praia de Cesantes por un importe total de 1.594.713,10 €. E como en dito convenio establécese que o Concello deberá achegar en dúas anualidades a cantidade global de 433.268,19 €, tendo a natureza xurídica de transferencia de capital.

Vista que dita subvención é de carácter plurianual e que establece unhas cantidades que non se axustan en canto ás porcentaxes ó establecido na normativa local en cuanto a transferencias de capital plurianuais.

Consta o informe da Intervención Municipal, ASR-17.04.20.1 de data 17 de abril de 2020.

É por elo que teño ben propor ó Pleno do Concello de Redondela,

Que se proceda á aprobación do aumento da porcentaxe por parte do Pleno, para poder así seguir co procedemento da sinatura do convenio coa Axencia Galega de Infraestruturas.”

INTERVENCIÓNS:

A sra. Castro, expón que na xunta de voceiros se deixou claro que se facía este pleno extraordinario para levar os puntos pendentes do pleno de marzo e facer unha proba para ver como se retransmitía e celebraba vía telemática.

Lee a sra. Castro a proposta. Con data 24 de marzo de 2020 entrou no rexistro deste Concello unha notificación que procedía da Xunta de Galicia na que se daba traslado dun borrador dun convenio para actuacións de acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-636, convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela, treito Redondela-Praia de Cesantes. Este convenio conta cun orzamento que ascende a 1.594.713,10 euros.





A Xunta de Galicia presenta un convenio para que o Concello de Redondela participe no financiamento da obra, que se fará en dúas anualidades. As achegas que debe realizar o Concello de Redondela en caso de asinar o convenio, ten carácter plurianual, establecendo as seguintes anualidades: ano 2020, 108.327,05 e no ano 2021, 324.951,14. Da normativa se desprende que os gastos plurianuais que se poden asumir para transferencias de capital, como é o caso teñan uns seguintes límites anuais. No caso que se varíen estas porcentaxes, deberá autorizar o Pleno elevar estas porcentaxes para, de ser o caso, aprobar este convenio coa Xunta de Galicia.

O sr. González, di que efectivamente se trata de aprobar o financiamento que propón a Xunta de Galicia e recorda que é unha estrada titularidade da Xunta de Galicia e para servizos como saneamento ou abastecemento o Concello pon unha parte, pero é importante saber que hai un proxecto, e hai que ilustrar á veciñanza que é o que se vai facer nesa estrada. Este proxecto ven marcado pola época preelectoral.

É unha estrada que está nun tramo urbano de Redondela. Este proxecto ven elaborado baixo a consigna electoralista das eleccións municipais, ven en consonancia con este proxecto de Javier Bas que quería establecer a súa mini cidade da cultura en Redondela e eso condiciona parte do proxecto. Na zona de entrada en Redondela, onde está o bar Rivas, se constrúe unha rotonda e ese entorno pola zona do edificio das antigas vivendas escolares, se gañan beirarrúas a costa de eliminar todo o arborado. Pero a partir da rotonda que existe agora de acceso ao pavillón e instituto, a cousa se vai degradando e o empedrado se convirte en cemento e algunha das solucións ao tráfico son mais que cuestionables, tendo en conta a cantidade de tránsito do alumnado. Non se lle da solución ao tráfico de saída do instituto Mendiño, que é una reclamación constante da ANPA e da dirección do instituto. A partir do centro de saúde, o único que se fai na zona máis habitada, e negocios de hostelería, na Avenida de Mendiño o único que se fai é consolidar as prazas de aparcamento e renovar o asfalto pero non se lle fai nada as beirarrúas. Para o BNG é un proxecto competencia da Xunta de Galicia.

A sra. Couñago, explica que por parte de AER vai votar a favor, que se vote a favor non quere dicir que se estea de acordo co convenio. É un proxecto do ano 2018, e traemos agora a contía que vai a aportar o concello, esta contía se corresponde cos servizos municipais incluídos na obra, saneamento, abastecemento, alumeado e semáforos. Non se fai ningunha referencia á baixada de prezos, é un convenio que o tomas ou o deixas pero é moi necesaria a obra e é necesaria a reforma para regular o tráfico e para a seguridade dos





peóns. Para nos é prioritario que se faga e canto antes. Entendemos que o proxecto deberá ser obxecto de variacións e moito terán que dicir os técnicos municipais. Non sei si con que técnicos municipais se puxeron en contacto porque non consta en ningún expediente municipal con que técnicos se falou. Para nós é esencial a participación dos técnicos municipais, que coñecen a zona e tamén lles chama atención que non se deu participación cidadá nin dos diversos servizos que están afectados na zona, como os colexios, institutos, centro de saúde e policía local.

A sra. Amoedo, di que pensou que ía pedir disculpas a Sra. Castro por non convocar o pleno ordinario. Este podía ser perfectamente o pleno ordinario, o único que cambiaría que se poderían traer mais asuntos e as propostas do grupo popular relativas á pandemia. Di que é unha proba pero a proba xa a fixemos fai sete días. Di á sra. Castro que estes expedientes non eran urxentes. A Xunta de Galicia vai inverter en Redondela 1.100.000, si ben a Alcaldesa dixo que a Xunta de Galicia no invertía nin un euro a pesar do compromiso da sra. Concelleira Ethel Vázquez, que era un compromiso electoralista. Esto es lo que dicía esta señora, la Alcaldesa.

A sra. Alcaldesa lle indica que “esta señora no”, neste tono despectivo no.

E agora resulta que como estamos en período electoralista, parte do goberno non está de acordo co proxecto pero votan a favor. Lle estraña que traian esta proposta de acordo cando non están de acordo co proxecto. Demostran que van a rebufo de todo o que lle propón a oposición. A Alcaldesa en 11 meses non foi quen de reunirse con ningún concelleiro da Xunta de Galicia e isto demostra a capacidade que ten este goberno para dirixir Redondela.

Estamos a falar dunha obra cando aínda non aprobamos axudas para as persoas e empresas que as precisan, estamos a falar de cuestións técnicas cando estamos ante unha crise sanitaria de órdago en toda España. Que traen aquí un documento co que non están de acordo. Non saben traballar, como a Xunta de Galicia está gobernada polo PP con maioría absoluta, a Alcaldesa ten alerxia, non he quen de sentarse para buscar solucións para Redondela, prefire perder antes de sentarse. Igual que o CoViD, cero medidas para dar solución ás persoas que agora o están pasando mal.

A sra. Castro, insiste en que se trata de vir a aprobar un cambio de porcentaxes para a aprobación posterior dun convenio sobre un proxecto que terán que ter visto e estudado polos técnicos municipais. Quere deixar constancia que, dende que entraron non goberno tense solicitado á Consellería toda a información sobre este tema é que está aínda esperando unha chamada de quen corresponda. Hai catro requirimentos por escrito que están no expediente e un último requirimento da Alcaldía no que esiximos información sobre este proxecto





e ata o día 24 de marzo non chegou nin un documento, non diga que non se solicitou información e non se solicitaron reunións cos responsables da Xunta porque consta por escrito.

Á sra. Amoedo lle di que vostede ven aquí e a destruír, que pensa cunha moción vai solucionar esta situación, medalla de ouro a carroñería. Vostede votaría cos ollos pechados calquera proposta do Partido Popular. Vostede non quere falar disto porque hai moitas cousas que dicir, Javier Bas iniciou unha campaña electoral con este proxecto fai máis dun ano, en febreiro de 2019 xa anunciaba que no verano se ían a facer as obras. Estamos a favor de facer obras, o que non esta ben visto palabras como honestidade que o PP ten que buscar no dicionario.

O sr. González, di que aínda que un convenio que ven imposto o equipo de goberno debería ter un posicionamento sobre esta estrada de carácter urbana. Si hai un mes que está no Concello se podía remitir aos colexios ou ao consello parroquial de Cesantes. A Xunta recibe antes á portavoz da oposición que a Alcaldesa de Redondela. O BNG ten dúas propostas, a primeira que se constrúa un carril bici dende o centro de Redondela ata o peirao, humanizar a zona ao redor do centro de día e converter esta estrada como de titularidade municipal.

A sra. Couñago, expón que con respecto á corta das árbores en sentido ao centro de saúde, resulta necesario o informe dos técnicos de Concello e se debería buscar una alternativa á corta. No proxecto se recolle á reposición e se non hai outra alternativa que se repoñan con especies autóctonas. Tamén que se teñan en conta aos técnicos municipais para revisar todas as modificacións que se produzan durante a execución das obras.

En canto ás manifestacións do BNG respecto á participación, que tiveron constancia deste proxecto cando xa estaba declarado o estado de alarma. Se lle dará intervención aos diferentes colectivos cando se levante o estado de alarma e agora non se poden convocar os consellos parroquiais. E moi fácil falar cando non se poden facer reunións.

Á voceira do grupo popular lle di que en canto á sanidade o seu partido terá moito que dicir. Todo o que está facendo neste pleno demostra unha miseria política increíble. Se trata de axudar e aportar, non se trata de utilizar un drama social soamente para obter un puñado de votos, demostra unha irresponsabilidade total y absoluta e deixa moito que desexar o que é ou non lealdade institucional.

A sra. Amoedo, lee o artigo 29 do Regulamento orgánico municipal referido ás intervencións por alusións dille a Alcaldesa que lle estaba pedindo a palabra precisamente por iso. Di a sra. Amoedo que estes son os seus tres minutos de este artigo e non da súa intervención. Cando vostede me di que lle parece unha





expresión pexorativa “señora”, lle di a Alcaldesa o que lle parece cando a súa voceira, nun tono bastante inadecuado e bastante agresivo, me di “o seu queridísimo alcalde”, “a cantidade de tonterías que dis”, “carroñería”. Igual a vostede eso non lle parece pexorativo pero a ela si llo parece e unha falta de respecto ao Pleno e aos cidadáns que visualizan este Pleno. Que o respecto institucional ten que estar por riba das ideoloxías políticas que cada un ten. Que lle indique a súa voceira que esa non é forma de falar, hai un regulamento que hai que respectar.

A sra. Alcaldesa di que lle queda un minuto.

Expón a sra. Amoedo que, o problema é que non se piden as citas, eu si pido. A lealdade institucional ten que empezar con vostedes que son o goberno. Hai 1.100.000 euros que inverte a Xunta en Redondela e se vostedes non están de acordo con este proxecto o que terán é que parar este punto e sacalo da orde do día.

A sra. Alcaldesa, di que pasou o tempo e da por finalizado a súa quenda.

Di que a Alcaldesa non lle da os tres minutos que lle corresponden do seu debate político

A Alcaldesa ensina o reloxo e di que o seu tempo rematou e pide á sra. Castro e a todos os portavoces respecto para todas e todos.

A Sra. Castro pide desculpas, e di que a Xunta non esta tendo moita lealdade institucional con nos, notan moita falta de información.

O sr. González di que hai que ver o regulamento e solo se pode xustificar o voto cando o sentido da mesma é contrario a argumentación exposta

A sra. Alcaldesa di que ten razón e que se retire da acta a xustificación

A sra. Amoedo pide que conste en acta que a Alcaldesa non lle deu o tempo que pediu para o seu tempo por alusións.

A Alcaldesa di que a que regula o pleno é ela, que da o tempo en todos os puntos iguais, democraticamente. Que diga os votos ou o PP non vota.

A sra. Amoedo responde que o PP ten nove concelleiros nesta Corporación e lle ten que escoitar, vostede decide se teño os tres minutos pero mo ten que dicir.

A Alcaldesa di que si tivo os tres minutos, lle pide de favor que diga a votación.





VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER) e 02 votos en contra do BNG

3. Recoñecemento extraxudicial de créditos II/20.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 22/04/2020, que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 17 de abril de 2020, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 7.680,23 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2020:





Nº FACTURA	FECHA	TERCEIRO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	
75	05/11/2019	B36258861-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	2.904,00 €	1531A	6090000
19011361	16/12/2019	B12019659-BAYGAR S.L.	592,90 €	1531A	6090001
000355/19	11/11/2019	36097407B-JOSE AMOEDO ALVAREZ AMOEDOS ROTULACIONES	290,40 €	2311B	2260200
000355/19	11/11/2019	36097407B-JOSE AMOEDO ALVAREZ AMOEDOS ROTULACIONES	532,40 €	3341A	2260200
131	11/06/2019	G36268142-ORQUESTA DE SAXOS DO CONSERVATORIO REDON	600,00 €	3381A	2260900
4	16/09/2019	G36163863-ASOC. CULTURAL E SOCIAL de CHAPELA	2.600,00 €	3381A	2260900
9002299525	02/11/2019	B46001897-THISENKRUPP ELEVADORES S.L.U	160,53 €	3421A	2130000

Terceiro.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 10.715,03 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2020:

Nº FACTURA	FECHA	TERCEIRO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	
650	07/01/2020	35587154J-ANDRES MIGUEL ALOMIA LEON	16,82 €	1321A	2140000
649	07/01/2020	35587154J-ANDRES MIGUEL ALOMIA LEON	113,92 €	1321A	2140000
589	07/01/2020	35587154J-ANDRES MIGUEL ALOMIA LEON	40,90 €	1321A	2140000
786	05/04/2020	35587154J-ANDRES MIGUEL ALOMIA LEON	55,45 €	1321A	2140000
20T/5	12/02/2020	B36160760-SUMINISTROS ATRIO S.L.	90,75 €	15531A	2130001





2020FAC/5	14/02/2020	76998761M-XACOBO ALXAN FIGUEROA	295,78 €	1531A	2190000
01/027572	06/02/2020	34272054F-PATRICIA PEREZ MANTILLA	17,70 €	1531A	2210500
56/2019	13/01/2020	36159379K-JESUS BOUZON DOMINGUEZ	5,30 €	1531A	2269900
F-19-3614	09/01/2020	B36645562-VIDAMAR PLANTAS S.L.	1.316,43 €	1711A	2219901
F 19 - 3615	09/01/2020	B36645562-VIDAMAR PLANTAS S.L.	154,48 €	1711A	2219901
F 19 - 3616	09/01/2020	B36645562-VIDAMAR PLANTAS S.L.	22,59 €	1711A	2219901
20T6	12/02/2020	B36160760-SUMINISTROS ATRIO S.L.	90,75 €	2411A	2130000
40	10/01/2020	B36105401-MADERAS PORRIÑO, s.l.	64,80 €	2411A	2270023
20T/3	12/02/2020	B36160760-SUMINISTROS ATRIO S.L.	90,75 €	3261A	2130000
20T/7	12/02/2020	B36160760-SUMINISTROS ATRIO S.L.	151,25 €	3331C	2130000
1	28/01/2020	71118167M-CAROLINA QUEIPO GUTIERREZ	200,00 €	3341A	2260909
43970	21/01/2020	G36459931-ASOCIACION DE MULLERES ARELA DE SAXAMONDE	150,00 €	3341A	2260913
44001	21/01/2020	G36459931-ASOCIACION DE MULLERES ARELA DE SAXAMONDE	150,00 €	3341A	2260913
44031	21/01/2020	G36459931-ASOCIACION DE MULLERES ARELA DE SAXAMONDE	150,00 €	3341A	2260913





014/19	30/01/2020	G36015741-CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO DE CESANTES	400,00 €	3381A	2260900
43497	07/02/2020	32697265M-SERGIO BELLON LANDROVE	968,00 €	3381A	2260900
20T/2	12/02/2020	B36160760-SUMINISTROS ATRIO S.L.	786,50 €	3421A	2130001
-	-	A26019992 - FCC Aqualia	168,97 €	3421C	4720000
-	-	A26019992 - FCC Aqualia	3.408,76 €	3421C	4720000
-	-	A26019992 - FCC Aqualia	1.394,38 €	3421C	4720000
202	17/01/2020	35986714V-JOSEFA COUÑAGO ALONSO FLORISTERIA DRAYTO	120,00 €	9121A	2260100
203	17/01/2020	35986714V-JOSEFA COUÑAGO ALONSO FLORISTERIA DRAYTO	200,00 €	9121A	2261000
20T/4	12/02/2020	B36160760-SUMINISTROS ATRIO S.L.	90,75 €	9221A	2130000

”

INTERVENCIONES:

A sra. Castro, explica que se trata dun procedemento para recoñecer gastos do ano anterior por importe de 18.000 euros. Son servizos do ano 2019 e se presentaron as facturas non ano 2020

O sr. González, di que xa se veu na comisión e non hai problema.

A sra. Couñago, di que se trata de servizos do ano 2019 e que xa se tratou na comisión informativa e van a votar a favor.





A sra. Amoedo, di que as facturas que se traen aquí teñen un informe negativo do Interventor, hai facturas da banda de música na festa da Coca 2019, factura de saxos da feira do libro de xuño 2019, por qué se tarda tanto en pagar, case vai un ano. O sr. González criticaba antes os recoñecementos extraxudiciais e agora os apoia, igual que AER. Se están saltando a norma, di o interventor que hai algunha factura que supera os 15.000 euros sin ningún tipo de contrato, tamén dun contrato do mantemento do ascensor que está rematado. Non traen vostedes nin un borrador de orzamentos. Agora teñen tempo xa que non hai atención ao público e xa que non traen propostas sobre a crise sanitaria sin que se teña en conta máis de 40 días dos negocios cosas persianas pechadas e os ERTE, denota a súa falta de traballo. Lle preocupa que AER está desaparecida como agrupación de electores, é unha extensión do PSOE e di a todo sí, admitindo os reparos das nóminas, os recoñecementos e que non se fagan os procedementos como se debe, algúns deles do concelleiro de cultura. O aire fresco do que presumía o sr. Villar é mais ben un aire bastante mais contaminado e tóxico. Veñen aquí sin ningunha proposta, parecen funcionarios, tal cual. Se estiveramos no goberno traeríamos axudas efectivas, sabemos o que é a lealdade institucional pero non vamos a ser cómplices da súa pasividade, do seu non saber facer, de como funcionan vostedes, viven nun mundo surrealista, e o mundo da xente normal e ter que levar as súas casas para vivir.

O sr. Boulosa, di que lle pide a quenda por alusións. Indícalle a sra. Alcaldesa que ao final do punto.

A sra. Castro, traemos os expedientes a pleno cando os prepara a intervención, e cando entran as facturas, se teñen que contabilizar desta maneira como vostede xa sabe.

O sr. Gonzalez, recorda que a voceira do PP foi membro dun equipo de goberno que non votou nunca o Bloque Nacionalista Galego. Trae toda a súa artillería non solo para desacreditar os políticos senón incluso dos traballadores públicos, lle pide que retire ese comentario pexorativo de que veñen aquí como funcionarios a este Pleno, é un comentario respectivo e é unha falta de respecto cara a uns traballadores que no Concello de Redondela están dando moito de si, e a voceira do PP non ten vergoña en falar neses termos.

Parece que o PP vai votar en contra e así non se lle paga aos provedores e asociacións culturais. A voceira do PP non é digna do voto e a confianza que tiveron neles os seus votantes.

Lles parecen correctos os informes da intervención.

A sra. Couñago, di que están de acordo co que dixo o voceiro do BNG, respecto aos funcionarios, é unha falta de respecto fronte estes traballadores que ou ben





están traballando na casa ou vindo a traballar ao Concello. En canto as facturas da festa da coca e a feira do libro, hai que ver que pasou co orzamento da partida orzamentaria, xa que hai que recordar que vostedes deixaron o orzamento esgotado.

Respecto as alusións a AER, ten que tomar conciencia de que vostede está na oposición e non o asume. O primeiro que fixo o Concello foi eximir de abonar as taxas por actividades que non se estaban exercendo, e que son competencias municipais. Vostede está falando de impostos que non son competencia municipal. Que Javier Bas empece a traballar para eximir de impostos que son competencia do Estado.

A sra. Amoedo, despectivo é que alguén se ofenda porque os compare por funcionarios. Vostedes pretenden pasar por cuestións técnicas, erros políticos. Os funcionarios claro que fan o seu traballo. Gracias aos funcionarios traemos tres puntos ao pleno. Menos mal que están eles para traballar, porque vostedes dende logo, non. Poderían facer moitas mais cousas coas taxas municipais.

Agora teño a obriga de fiscalizar e facer control ao goberno, e é o que fago. Non é certo porque algunhas das facturas se presentaron en 2019 pero non tiñan partida. Seguen tirando dun mesmo provedor que leva mais de 15.000 euros.

¿Onde están os orzamentos?. Sr. González, vostede que lle deu o voto a este goberno, eu estaría moi arrepentido, están esperando a que llo fagan os funcionarios. Botan en falta a Javier Bas, porque sabía como dirixir un concello, como están vostedes, sen orzamentos e sen medidas.

A sra. Castro, pregunta si o PP nunca traballou cos orzamentos prorrogados. Moitas facturas, son dúas facturas que se presentaron a finais do mes de decembro, son esas facturas? Veña a participar se somos tan torpes. Ten dúas opcións ou si ou non.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 abstencións do PP.

4. Dación de conta das resolucións adoitadas pola Alcaldía e derivadas da crise sanitaria pola propagación do CoViD-19.

Dáse conta das seguintes resolucións de Alcaldía:





- Resolución de Alcaldía 2020/0934
- Resolución de Alcaldía 2020/0818
- Resolución de Alcaldía 2020/0812
- Resolución de Alcaldía 2020/0795
- Resolución de Alcaldía 2020/0752
- Resolución de Alcaldía 2020/0734
- Resolución de Alcaldía 2020/0728
- Resolución de Alcaldía 2020/0712
- Resolución de Alcaldía 2020/0703
- Resolución de Alcaldía 2020/0696
- Resolución de Alcaldía 2020/0691
- Resolución de Alcaldía 2020/0688
- Resolución de Alcaldía 2020/0689
- Resolución de Alcaldía 2020/0671

O Pleno do Concello quedou informado das resolucións de Alcaldía anteriormente relacionado.

A Alcaldesa da as grazas a todas/os por este Pleno e pide desculpas á cidadanía en nome deste equipo de goberno e como responsable deste Pleno, porque non debe ser o pleno así, non procede neste momento estes debates de demagogia, porque hai outras situacións moitísimo máis importantes que hai que facer e que son as que queren os veciños/as, non deberá ser así.

Recorda o minuto de silencio do inicio do Pleno, e tamén en Redondela, a todos os que o están padecendo en este Concello, estamos traballando para mellorar, que pase canto antes, da as grazas a todo o funcionariado, SEIS, policía local, protección civil, para que todos os veciños/as poidan estar o mellor posible neste estado de alarma.





O próximo pleno será o ordinario do 7 de abril.

E sendo as doce horas e catro minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

